



MEMORIA COMPLEMENTARIA DO CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E DIVERSOS CONCELLOS NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ, RELATIVA AO CONVENIO CO CONCELLO DE VILABOA

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o financiamento da contratación laboral do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz do concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2023 ao abeiro da disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo.

Dende o ano 2009 véñense asinando convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e diversos Concellos no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz. O convenio-tipo para o ano 2024 está sendo tramitado como expediente anticipado de gasto, e xa foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con data 27 de novembro de 2023.

Pola súa banda, o Concello de Vilaboa ven asinando estes convenios dende o ano 2010 ata o ano 2021, xa que en data 16 de febreiro de 2022 o Concello remitiu un escrito á Dirección Xeral de Xustiza no que informaba que renunciaba á sinatura do convenio para o ano 2022, pola imposibilidade de contratar á persoa que reúne os requisitos que marca o convenio.

Por outra banda, o 28 de novembro de 2023 o Concello de Vilaboa remitiu novo escrito á Dirección Xeral de Xustiza informando que novamente o Concello estaba interesado na sinatura do convenio de colaboración no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz. Revisada a súa solicitude por parte da Dirección Xeral de Xustiza, o Concello de Vilaboa cumpre coa totalidade dos requisitos establecidos nesa disposición transitoria primeira e, consecuentemente, están en condicións adecuadas para a sinatura do convenio de colaboración por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.





O financiamento deste convenio, do mesmo xeito que os restantes convenios que se asinan no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008 irá destinado a fomentar a contratación do persoal idóneo que atende o Xulgado de Paz de Vilaboa como administrativo ou, no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Vilaboa os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, ata un máximo de dez mil euros (**10.000,00 €**) con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.461.1 (código de proxecto 2015 00109) do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, aprobado polo Consello da Xunta o 18 de outubro de 2023.

O expediente de gasto asociado á sinatura do convenio tramitarase como expediente anticipado de gasto, artigo 1º apartado 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 da Consellería de Economía e Facenda modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes da gasto, quedando a súa eficacia sometida á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas do convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

